

## **BASES DO SORTEO “AÚPA XANEIRO”**

**50 tarxetas agasallo AÚPA XANEIRO** por importe de **50 € CADA UNHA**, para realizar unha compra por ese importe, nas tendas de Embutidos Lalinense en Lalín e Agruchave.

### **PRIMERA.- EMPRESA ORGANIZADORA**

Embutidos Lalinense S.L., con domicilio social en Agruchave, 14 Lalín (Pontevedra) e C.I.F. Núm B36020998

### **SEGUNDA. - OBXECTO DO SORTEO**

A finalidade do sorteo é premiar a fidelidades dos clientes de EMBUTIDOS LALINENSE agasallando aos seus clientes no momento de realizar a compra nas tendas da empresa con **1 participación para o sorteo de 50 tarxetas de 50 euros cada unha, para realizar unha compra por ese importe** nas tendas que a empresa ten en Lalín e Agruchave, de conformidade coas normas reguladoras e características que se detallan a continuación.

O sorteo efectuarase baixo o lema **“Tarxetas agasallo AÚPA XANEIRO”**

### **TERCEIRA. - REQUISITOS**

Poderán participar todas as persoas ás que se lles entregou unha participación para participar no sorteo e cumbran cos requisitos establecidos nas presentes bases.

\*Quedan excluídos da participación na presente promoción o persoal vinculado a Embutidos Lalinense, así como os familiares de todos eles, ata o primeiro grao de afinidade ou consanguinidade, non podendo en ningún caso beneficiarse dos premios do presente sorteo.

### **CUARTA.- MECÁNICA**

Os clientes das tendas de EMBUTIDOS LALINENSE S.L. serán agasallados no momento dunha compra realizada nas tendas de Lalín e Agruchave cunha participación o sorteo de **50 tarxetas agasallo AÚPA XANEIRO**.

Para participar no sorteo é requisito imprescindible cubrir os datos solicitados de xeito claro, Nome e teléfono, co fin de poder contactar cos gañadores. Unha vez cuberta a participación deberase depositarse nas urnas que a empresa disporá para tal fin nas súas tendas.

**O 7 de xaneiro de 2023** realizarase o sorteo e contactarase cos gañadores para que poidan realizar a aceptación da **Tarxeta agasallo AÚPA XANEIRO**

Xunto coas participacións gañadoras elixíranse 10 suplentes para o caso de que algunha das designadas como gañadoras adoecece dalgún defecto, ou non se puidese contactar no prazo estipulado, ou non dese aceptación expresa do premio.

Non poderá resultar elixida como suplente unha participación, coa persona asignada, que xa tivese sido gañadora previamente no sorteo. En tal caso, a devandita participación non será tida en conta e será desbotada.

#### **QUINTA.- SORTEO E ADXUDICACIÓN DOS PREMIOS**

O sorteo das **Tarxetas agasallo AÚPA XANEIRO** efectuarase o **7 de xaneiro**.

EMBUTIDOS LALINENSE S.L. poderá requerir ao usuario que resulte agraciado (gañador/a) o seu DNI ou documento de identidade para comprobar a veracidade dos seus datos, ademais da sinatura do recibí do premio.

Os premios son persoais e intransferibles. No caso de que por calquera circunstancia algún dos gañadores renunciase ao premio, recorrerase á lista de suplentes.

**O premio, consistente nunha tarxeta agasallo por valor de 50 euros, canxearase por unha compra por ese importe nas tendas de Lalín e Agruchave, pero non poderá canxearse polo seu importe en metálico, nin cambiar as súas condicións. Promoción limitada a un único premio por participante.**

Os gañadores serán chamados por teléfono e disporán de 7 días para presentar os documentos solicitados como aceptación do premio, **que poderán canxear ata o 31 de xaneiro de 2023**

No caso de non ter datos suficientes para a identificación da persoa gañadora, ou non aceptar o premio no prazo estipulado, a adxudicación de premio considerarase nula e o premio pasara á persoa elixida como suplente.

#### **SEXTA.- CAUSAS DE DESCALIFICACIÓN**

O presente sorteo realízase con estrito respecto ás normas de boa fe contidas nas presentes bases. EMBUTIDOS LALINENSE S.L. reserva o dereito de cancelar, suspender e/ou modificar o presente Sorteo, en todo ou en parte, (i) no caso de fraude, fallos técnicos, (ii) ou de que calquera outro factor que non garanta o bo termo que recollen as presentes bases.

Calquera intento de impedir de maneira deliberada o funcionamento lexítimo, a falsificación e/ou alteración do presente Sorteo podería significar unha violación de dereito penal e civil, e no caso de que a devandita vulneración tivese lugar, EMBUTIDOS LALINENSE S.L. resérvase o dereito de reclamación de danos por parte de calquera

persoa na medida permitida pola lei. O non exercicio de accións legais non conleva a renuncia ao seu dereito a exercitar as accións que puideran corresponderlle.

#### **SÉPTIMA. - PUBLICACIÓN DA IDENTIDADE DOS GAÑADORES**

Os participantes no sorteo consinten, inequivocamente e de xeito expreso, coa súa participación no mesmo que, no caso de resultar gañadores, o seu nome e apelidos poida ser comunicados a terceiros mediante a súa difusión a través dos medios que se estimen máis convenientes para darlle publicidade ao resultado do sorteo (redes sociais, prensa), principalmente nas tendas de Lalín e Agruchave, na cartelería promocional do resultado do sorteo, nos medios de comunicación internos de EMBUTIDOS LALINENSE.

**Igualmente, os participantes que resulten agraciados consinten, de maneira expresa, que poida reproducirse fotograficamente a súa imaxe, no momento da entrega do premio e que estas imaxes poidan ser utilizadas, posteriormente, por parte EMBUTIDOS LALINENSE, con fins exclusivamente publicitarios e de promoción do propio sorteo na cartelería promocional do resultado do sorteo se fose o caso.**

#### **OCTAVA. - DEPÓSITO DAS BASES E SERVIZO DE INFORMACIÓN**

As bases do presente sorteo poderán consultarse no blog de EMBUTIDOS LALINENSE <http://embutidoslalinense/blog>, e estarán a disposición dos interesados nas tendas de Lalín e Agruchave.

#### **NOVENA. - TRATAMENTO DE DATOS PERSONAIS**

EMBUTIDOS LALINENSE SL, coa única finalidade de porse en contacto con vostede no caso de resultar gañador/a do **SORTEO AÚPA XANEIRO**, que se celebrará o día **7 de xaneiro** conservará o seu nome e número de teléfono ata a data do mesmo, procedendo á súa destrución unha vez rematado. Os datos non serán tratados, baixo ningunha circunstancia, con outra finalidade que a aquí prevista. Pode exercer os seus dereitos de acceso, rectificación, cancelación, oposición, portabilidade ou limitación. Amplíe esta información na nosa política de privacidade [www.embutidoslalinense.com](http://www.embutidoslalinense.com)